

1.- Imos supoñer que estás xogando no patio e un compañeiro cae e se fai unha ferida. Que sería o máis importante facer primeiro para evitar que colla unha infección?

- A. Cubrir a ferida cun pano sen lavala
- B. Botarlle colonia para que non cheire mal
- C. Desinfectar ben a ferida e tapala cunha venda limpa
- D. Deixala ao aire para que se seque

2. Sara ten dor de garganta e febre. O médico dille que ten unha infección causada por bacterias. Que tratamento é máis probable que lle recomende?

- A. Tomar un antiviral
- B. Beber moita auga
- C. Descansar e tomar antibióticos
- D. Facer exercicio para suar a infección

3. Nunha clase, tres nenos tiveron arrefriado ao mesmo tempo. Todos xogaban xuntos no parque. Que vía de transmisión é a máis probable?


- A. A través dos alimentos
- B. A través do aire
- C. A través das mascotas
- D. A través do solo

4. Por que é importante vacinarse contra certas enfermidades?

- A. Porque elimina as bacterias do aire
- B. Porque evita que contaxiemos a outros e que enfermemos nós
- C. Porque cura enfermidades mentais
- D. Porque fai que non teñamos que lavar as mans

5. Cal destas situacións describe unha pandemia?

- A. Dous nenos teñen a mesma enfermidade nunha clase
- B. Nunha cidade hai un brote de salmonelose
- C. Nun país hai moitos casos dunha enfermidade e estase estendendo
- D. A mesma enfermidade afecta a persoas en moitos países do mundo



6. Ti e a túa familia ides de pícnic. Que medida deberías tomar para evitar enfermidades transmitidas polos alimentos?

- A. Comer directamente os alimentos sen lavalos
- B. Compartir vasos e cubertos
- C. Lavar as mans antes de comer e asegurar que os alimentos estean ben cociñados
- D. Levar os alimentos conxelados

7. Mario non come ben e case non durme. Sente moi canso e está de mal humor. Cal das seguintes opcións podería estar relacionada con este comportamento?

- A. Unha enfermidade infecciosa
- B. Un problema xenético
- C. Un desequilibrio nutricional
- D. Unha lesión deportiva

8. Carla di que non quere vacinarse porque "non lle apetece". Que lle poderías explicar para axudala a entender por que é importante vacinarse?

- A. Que así pode faltar ao colexio
- B. Que vacinarse axuda a protexer a ela e tamén ás demais persoas
- C. Que é divertido poñer vacinas
- D. Que xa non hai enfermidades perigosas no mundo

9. Se comes un iogur que leva dúas semanas caducado, que tipo de enfermidade poderías ter?

- A. Unha enfermidade mental
- B. Unha enfermidade xenética
- C. Unha enfermidade infecciosa
- D. Un desequilibrio nutricional

10. Cal das seguintes accións NON é eficaz para previr o contaxio dunha enfermidade infecciosa?

- A. Compartir botella de auga cun compañeiro
- B. Lavar as mans despois de ir ao baño
- C. Taparse a boca ao tusir
- D. Limpar a ferida cun antiséptico

11. Antón recibiu unha transfusión de sangue despois dunha operación. Como se chama este tipo de tratamento?

- A. Vacina
- B. Inxección
- C. Transplante
- D. Transfusión

12. Unha amiga di que ten medo de falar co médico sobre como se sente porque pensa que a poden chamar tola. Que lle poderías dicir?

- A. Que é mellor non dicilo para non pasar vergoña
- B. Que os problemas do cerebro tamén son parte da saúde, e os médicos están para axudar
- C. Que pode buscar a resposta en internet
- D. Que os médicos só tratan enfermidades do corpo, non da mente

13. Un neno ten otite. Cal é o tipo de microorganismo que probablemente lle causou esta enfermidade?

- A. Vírus
- B. Fungo
- C. Protozoo
- D. Bacteria

14. Que diferenza principal hai entre unha enfermidade infecciosa e unha non infecciosa?

- A. As non infecciosas só aparecen en adultos
- B. As infecciosas están causadas por microorganismos e poden contaxiar
- C. As non infecciosas curan máis rápido
- D. As infecciosas sempre causan febre